



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Avocación de competencias

Ao amparo do artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e do artigo 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, o Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 05.12.2024 adoptou o acordo cuxa parte resolutiva reproducéase literalmente:

Primeiro. Avocar todas as competencias que foron delegadas na Alcaldía segundo acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 12.09.2024.

Segundo. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia sen perxuízo de que surta efectos desde o momento da súa adopción de conformidade co disposto no artigo 51.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais.

O cal se fai público para o seu xeral coñecemento.

Abadín, 12 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 4085

Anuncio

Delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local

O Pleno do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o día 05.12.2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo en materia de delegación de competencias do Pleno na Xunta de Goberno Local, que na súa parte resolutiva sinala:

"Primeiro. Delegar por parte do Pleno municipal na Xunta de Goberno Local todas as competencias atribuídas a dito órgano colexiado que non teñan o carácter de indelegables de conformidade co establecido no artigo 22.4 da LBRL.

Segundo. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia sen perxuízo de que surta efectos desde o momento da súa adopción de conformidade co disposto no artigo 51.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais."

Abadín, 17 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 4086

BEGONTE

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o **orçamento municipal para o exercicio económico de 2025**, por acordo adoptado na sesión extraordinaria celebrada o día 19 de novembro de 2024, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo - polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais - faise público que dito orzamento ascende - tanto en gastos como en ingresos - á contía de EUROS de TRES MILLÓNS OITOCENTOS

TRINTA E CATRO MIL CENTO CINCUENTA E CATRO (3.834.154,00), correspondendo a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A) OPERACIÓNS CORRENTES.		
1	GASTOS DE PERSOAL	706.984,10
2	GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	2.329.679,90
3	GASTOS FINANCEIROS	5.660,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	192.810,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS.	0,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.		
6	INVERSIÓNS REAIS	449.020,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	150.000,00
TOTAL DE GASTOS		3.834.154,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	CONCEPTO	IMPORTE
A) OPERACIÓNS CORRENTES.		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.121.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	58.000,00
3	TAXAS, PRECIOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	940.100,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.511.849,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	12.005,00
B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.		
6	ENAXENACION DE INVERSIÓNS REAIS	120,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	191.080,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DE INGRESOS		3.834.154,00

Na referida sesión, tamén se acordou aproba-lo cadro de persoal desta Corporación que, segundo o que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril - polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local - reproducése a continuación:

CADRO DE PERSOAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2025**1.- PERSOAL FUNCIONARIO.**

	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>Nº DE PRAZAS</u>	<u>GRUPO</u>	<u>C. D.</u>	<u>SITUACIÓN</u>
1.-	<u>ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL.</u>				
1.1	Subescala de Secretaría-Intervención				
1.1.a).	<u>SECRETARIO-INTERVENTOR.-</u>	1	A1/A2	28	Propiedade.
2.-	<u>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL.</u>				
2.1	Subescala Administrativa				
2.1.a).	<u>ADMINISTRATIVO/A.-</u>	1	C1	20	Vacante. (Interino).
2.1.b).	<u>ADMINISTRATIVO/A.-</u>	1	C1	20	Vacante. (P. Interna).
2.1.c).	<u>AUXILIAR-ADMINISTRATIVO/A.-</u>	1	C2	18	Vacante. (Interino).
3.-	<u>ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL.</u>				
3.1.	Subescala Técnica.				
3.1.a).	<u>TÉCNICO DESENV. ECONÓM. E SOC.</u>	1	A1	26	Cuberta por Laboral Fixo (D.T.2ª EBEP)
3.1.b).	<u>TRABALLADOR/A SOCIAL.</u>	1	A2	24	Propiedade.

2.- PERSOAL LABORAL FIXO.

	<u>DENOMINACIÓN.-</u>	<u>Nº DE PRAZAS</u>	<u>GRUPO</u>	<u>C. D.</u>	<u>SITUACIÓN</u>
1.-	TÉCNICO DESENV. ECONÓMICO E SOC.	1	A1	26	Propiedade. (A amortizar)
2.-	AXENTE EMPREGO E DESENV. LOCAL.	1	A1	25	Propiedade.
3.-	AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A S. SOC.	1	C2	18	Propiedade. (A amortizar)
4.-	PEÓN OBRAS E SERVIZOS MÚLTIPLES.	2	E	14	Vacantes. (2 Interinos).
5.-	ENCARGADO DE OBRAS E SERVIZOS.	1	C2	14	Propiedade.
6.-	CONDUTOR-OFICIAL 1ª.	1	C2	14	Vacante. (Interino).
7.-	AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO.	1	E	14	Propiedade.

3.- PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

<u>DENOMINACIÓN DO POSTO.</u>	<u>Nº TOTAL DE DOTACIÓNS.</u>
PEÓN DE DESBROCE DE VÍAS.	1

<u>PROGRAMA RISGA 2024:</u> - PEÓN DE OBRAS PÚBLICAS:	1
<u>PROGRAMA APROL RURAL 2024:</u> - PEÓN FORESTAL.	1
<u>PROGRAMA PREVENCIÓN VIOLENCIA XÉNERO 2024:</u> - PEÓN OBRA PÚBLICA.	1
<u>PROGRAMA REFORZO EMPREGO – PLAN PROVINCIAL 2024</u> - MONITOR DEPORTIVO.	1
<u>PROGRAMA PREVENCIÓN Y EXTINCIÓN DE INCENDIOS:</u> - (1 XEFE DE BRIGADA, 3 PEÓNS BRIGADA e 1 PEÓN-CONDUTOR).	5

No cadro de persoal non se contemplan outras posibles contratacións temporais que este Concello poida realizar ao abeiro dalgunha subvención do Estado, da Xunta de Galicia ou doutro organismo público, ou ben por necesidades perentorias do servizo.

De conformidade co disposto no art. 171.1 do R. D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra a aprobación definitiva do orzamento municipal, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Begonte, 17 de decembro de 2024.- O ALCALDE. José Ulla Rocha.

R. 4087

CERVANTES

Anuncio

Información pública

Aprobados por Resolución de alcaldía de data 12 de decembro de 2024, os padróns que a continuación se relacionan, expóñense ao público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

- Taxa polo servizo de recollida domiciliaria do lixo (4º trimestre de 2024).
- Taxa polo servizo de subministro domiciliario de auga potable e canon da auga (4º trimestre de 2024).

Recursos: Contra o acordo da aprobación dos padróns se poderá interpor recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: un mes contado dende o día inmediato seguinte ao do término do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde do concello de Cervantes.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado o exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Cervantes, 16 de decembro de 2024.- O alcalde, Benigno Gómez Tadrín.

R. 4088

FRIOL

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE NOVEMBRO DE 2024

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 5 de decembro de 2024, prestou aprobación ao Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar do mes NOVEMBRO de de 2024, por un importe total de 5.759,01 € e ao Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, do mes de NOVEMBRO de 2024, por unha base imponible de (405,36 €), máis o IVE (85,13 €), o que fai un total de 490,49 €.

Segundo o disposto no artigo 83.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento dos prezos públicos, que dispoñen dun prazo de 20 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulase ningunha reclamación. A presente publicación, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da Lei Xeral Tributaria.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpor recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. Tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A cobranza en período voluntario tanto do Padrón do Prezo Público do Servizo de Axuda no Fogar como do Padrón do Prezo Público do Viveiro de Empresas, dos períodos indicados, terá lugar no prazo de dous meses contados a partir da finalización do período de exposición pública do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia -BOP-, transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos que correspondan, nos termos dos artigos 26 a 28 da Lei 58/2023, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio, de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas/IBAN, designadas polos contribuíntes.

Friol, 18 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Ángel Santos Sánchez.

R. 4089

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto da Alcaldía o padrón do ano 2024 correspondente a taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, por medio do presente faise público que durante o prazo 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, queda de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente padrón, poderase interpoñer con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente padrón.

A cobranza en período voluntario da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa correspondente ao ano 2024, terá lugar dende o días **01/01/2025 ao 28/02/2025** (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nalgunha das seguintes modalidades:

- Presencialmente en calquera oficina ou caixeiro de ABANCA co código xerado no recibo.
- A través da pasarela de pagos en liña dispoñible na páxina web do Concello de Guitiriz.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas ao padrón da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, os custos que se produzan.

Guitiriz, 13 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 4090

O INCIO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SUMINISTRO DE AUGA

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 25/10/2024 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa polo suministro de auga.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza, en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

“MODIFICACION ORDENANZA n.º9-REGULADORA DA TAXA POLO SUMINISTRO DE AUGA

Artigo 1º.- Feito imponible

De conformidade co previsto no artigo 2.1.b e 57, en relación co artigo 20.1.B e 20.4.T, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a taxa polo suministro de auga a vivendas e locais (exclúense grandes instalacións industriais), incluídos os dereitos de entronque, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos

1.- Son suxeitos pasivos da Taxa regulada nesta Ordenanza, en concepto de contribuintes, as persoas físicas e xurídicas, así como as Entidades a que se refire o art. 35.4 da LXT, que soliciten ou resulten beneficiadas de modo particular polos servizos ou actividades, prestados ou realizados por este Concello, a que se refire o artigo anterior.

2.- Terán a consideración de suxeito pasivo sustituto de contribuínte os propietarios das vivendas, locais ou explotacións, que poderán repercutir, no seu caso, sobre os beneficiarios de dito servizo.

Artigo 3º.- Cota Tributaria

A cota tributaria da Taxa regulada nesta Ordenanza será fixada na Tarifa seguinte:

CONCEPTO	IMPORTE (EUROS)
COTA FIXA	1,55 €/mes
CONSUMOS	
Ata 20 m ³ mensuais	1,04 €/mes
De 21 m ³ en diante	1,18 €/mes

DEREITO DE ENTRONQUE PROVISIONAL	100,00 €
DEREITO DE ENTRONQUE DEFINITIVO	700,00 €
DEREITO DE ENGANCHE	60,00 €
COTA CAMBIO CONTADOR	60,00 €

Aos efectos desta Ordenanza enténdese por entronque cada unha das conexións feitas á rede municipal, e por enganche cada un dos enganches particulares ao mesmo entronque.

A cota de enganche inclúe a instalación de contador ou medidor do caudal de subministro de auga.

O concello poderá subministrarlles auga, previo o pago dunha taxa de 2,00 €/m³, a aqueles veciños que se abastezan habitualmente con pozos ou redes de abastecemento particular ou comunitario, que por escasez ou seca demanden auga municipal.

Artigo 4º.- Período impositivo e devengo

1.- A obriga de pago da Taxa regulada nesta Ordenanza nace desde que se inicie a prestación do servizo, e a súa facturación e cobro realizarase con periodicidade trimestral.

2. O pago da dita taxa efectuarase no momento da presentación, ao obrigado a realizado, da correspondente factura.

3. As débedas por esta Taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo co Regulamento Xeral de Recadación.

4. Cando por un consumo excesivo a contía da taxa exceda da cantidade de 300,00 €, o concello poderá, a solicitude do interesado, conceder un fraccionamento do pago en cotas de 100,00 €.

Artigo 5º.- Bonificacións

Os suxeitos pasivos que con arranxo á Lei ostenten a condición de titulares de familia numerosa disfrutará das bonificacións seguintes:

- Familia numerosa de categoría xeral:

Bonificación do 80% na cota íntegra da Taxa polo suministro de auga.

- Familia numerosa de categoría especial:

Bonificación do 90% na cota íntegra da Taxa polo suministro de auga.

A concesión da bonificación establecida neste artigo realizarase a solicitude do interesado previa acreditación do recoñecemento pola Consellería competente da Comunidade Autónoma da condición de titular de familia numerosa na categoría que corresponda.

As bonificacións establecidas neste artigo terá unha duración de cinco anos, sendo aplicable a partir do exercizo tributario seguinte ao da súa concesión.

A bonificación na cota tributaria da Taxa por subministro de auga será compatible con calquera outros beneficios fiscais que poda establecer ou aprobar neste Concello.

Os cemiterios veciñais e os locais sociais dos veciños, previo recoñecemento do seu interese ou función social pola Xunta de Goberno, terán unha bonificación do 100% no dereito de entronque.

Artigo 6º.- Normas de xestión.

a) A solicitude de conexión á rede de subministro de auga no caso de vivendas novas deberá vir acompañada do Boletín de instalación expedido por profesional competente. No suposto de vivendas construídas cunha antigüidade superior a seis (6) anos será suficiente a presentación dun informe técnico acreditativo de que a instalación reúne as condicións necesarias para a súa conexión á rede.

b) Considérase entronque á rede as obras necesarias (pinchazo da rede, instalación de collarín, tubería de acometida de corte) para conectar desde o trazado da rede xeral ao límite da edificación con tubería de P.V.C., cunha lonxitude máxima de 5 metros. Se a distancia de conexión fose maior de 5 metros considerarase un ramal da rede xeral, correndo os custos de conexión a cargo do propietario ou promotor, que deberá seguir as especificacións técnicas do Concello para garantir unha correcta realización das obras.

c) A instalación do contador ou medidor do caudal de subministro de auga, será competencia deste Concello.

d) A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou averiados será executada por persoal do Concello, repercutindo os custos ao aboado según as tarifas especificadas nesta Ordenanza Fiscal.

e) Os contadores estarán colocados a unha altura da rasante da rúa ou beirarrúa de entre 40 e 60 cm., de libre acceso para a súa lectura e consecuentemente no límite da propiedade privada coa rúa ou camiño público. A titularidade da instalación existente deste o contador ata a vivenda ou construción corresponde ao aboado, sendo por conta deste os custos de reparación ou reposición que requira.

f) O aboado estará obrigado a facilitar o acceso ao contador ao persoal encargado da súa lectura.

g) Todos os propietarios de obras ou promotores das mesmas que requiran unha toma de auga provisional deberán solicitar autorización municipal suxeita ao pago da tarifa por entronque provisional e ás cotas reguladas no artigo 3º da presente Ordenanza.

O importe abonado por dereito de entronque provisional será deducido do importe a liquidar en concepto de dereito de entronque definitivo.

Cando a xuízo dos Servizos Municipais se considere concluída a obra procederase ao precinto do contador do entronque provisional. En todo caso estimarase acabada a obra na data do vencemento do prazo de vixencia da licenza da obra.

h) Ás vivendas, locais ou obras que non estivesen provistas de contador e enganchadas á rede aplicaráselles unha sanción de 300 €.

i) Aos propietarios de vivendas, locais ou obras, por manipulación do contador, aplicaráselle unha sanción de 300,00 €.

j) Os titulares de explotacións agrícolas, forestais ou gandeiras que, de conformidade co artigo 10.1.c) do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento de canon da auga e do coeficiente da vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, non se atopan suxeitos ao canon da auga, poderán solicitar un contador individualizado para o citado uso, que deberá cumprir as condicións previstas nesta Ordenanza Fiscal e acreditar a súa condición de tales.

k) O impago de dous trimestres consecutivos ou non consecutivos dará lugar ao corte de subministro de auga, sempre previa audiencia ao interesado, por prazo de 15 días hábiles, producíndose a recuperación do servizo unha vez aboados os importes pendentes de pago.

Artigo 7.- Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como ás sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza fiscal foi modificada e aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 25 de outubro do 2024 e entrará en vigor a partir do día 1 de xaneiro de 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

O Incio, 17 de decembro de 2024.- O Alcalde, Hector M. Corujo González.

R. 4091

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E REDE DE SUMIDOIROS

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 25/10/2024 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da Taxa de saneamento e rede de sumidoiros.

Transcorrido o prazo do preceptivo trámite de información pública sen que se teñan presentado alegacións, en virtude do establecido nos arts. 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, procédese a elevar o devandito acordo provisional a definitivo, publicando o texto íntegro da ordenanza, en cumprimento do disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Contra o presente acordo, interporase recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

“Ordenanza fiscal nº 16: reguladora da taxa de saneamento e rede de sumidoiros**Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, este Concello establece a Taxa por saneamento e rede de sumidoiros que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado Texto Refundido.

Artigo 2.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da taxa:

a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autoriza-la acometida á rede de sumidoiros municipal.

b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.

2. Non están suxeitos á taxa os inmobles derruídos, declarados ruinosos ou que teñan a condición de solar ou terreo.

Artigo 3.- Suxeito pasivo.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

a) Cando se trate da concesión da licenza da acometida da rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.

b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do Concello beneficiarias dos devanditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante ou usuario das vivendas ou locais, o propietario destes inmobles, que poderá repercutir, se é o caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

Artigo 4.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización da acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade de 60,00€. Esta cota incluírá a conexión á rede e 10 metros de prolongación.

As obras de prolongación á rede, a partir de 10 metros, serán con cargo ós aboados, cuxa execución compete a este Concello. A cota por metro lineal será de 30,00€.

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de saneamento e rede de sumidoiros establécese nas seguintes contías:

2.A.- INMOBLES SEN SERVIZO DE AUGA MUNICIPAL:

TAXA FIXA ANUAL ---- 49,73 €

2.B.- INMOBLES CON SERVIZO DE AUGA MUNICIPAL:

TAXA FIXA ANUAL----- 12,43 €

TAXA VARIABLE, EN FUNCIÓN DO CONSUMO DE AUGA:

- ATA 60 M3----- 0,16 €/M3

- A PARTIR DE 61 M3----- 0,26 €/M3

Artigo 6.- Exencións e bonificacións.

Non se concederá exención nin ningunha bonificación na exacción da presente taxa.

Artigo 7.- Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impositivo, entendéndose esta:

a) Na data de presentación da solicitude da licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.

b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se obtivera ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, e da súa depuración teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do Concello que teñan fachadas ás rúas, prazas ou vías públicas nas que existan sumidoiros, sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de dez metros e non existan razóns técnicas que impidan a conexión á dita rede. Devengarase a taxa mesmo cando os interesados non procedan a efectuala acometida á rede.

Artigo 8.- Declaración, liquidación e ingreso.

1. Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte formularán as declaracións de alta no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez finalizado o prazo de presentación das devanditas declaracións de alta e baixa.

A inclusión inicial no Censo farase de oficio unha vez concedida a licenza de acometida á rede.

2. As cotas esixibles por esta taxa liquidaranse e recadaranse mediante recibos por períodos de TRES meses.

3. No suposto da licenza de acometida, o contribuínte formulará a oportuna solicitude e os servizos tributarios deste Concello, unha vez concedida aquela, practicarán a liquidación que proceda, que será notificada para o ingreso directo na forma e prazos que se sinalen no Regulamento Xeral de Recadación.

Disposición final:

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 25 de outubro do 2024, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 2025, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Incio, a 25 de outubro do 2024. O Alcalde, Héctor M. Corujo González”

O Incio, 17 de decembro de 2024.- O Alcalde, Hector M. Corujo González.

R. 4092

O VALADOURO**Anuncio**

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE MAIO DE 2024.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2024-0687 o día 13 decembro de 2024, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência e de dependencia, correspondente ao mes de maio de 2024 polo importe total de 6.896,35€.

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 16 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 4093

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XUÑO DE 2024.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2024-0689 o día 13 decembro de 2024, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrència e de dependencia, correspondente ao mes de xuño de 2024 polo importe total de 6.372,92€.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 16 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 4094

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE XULLO DE 2024.

Aprobado por Resolución de Alcaldía 2024-0688 o día 13 decembro de 2024, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrència e de dependencia, correspondente ao mes de xullo de 2024 polo importe total de 7.000,56 €.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Valadouro, 16 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 4095

VIVEIRO*Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía de fecha 11 de diciembre de 2024, se aprobó la Oferta de Empleo Público correspondiente al ejercicio 2024, y ordenó su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Oferta de empleo público 2024**PLAZAS A INCLUIR EN LA OFERTA DE EMPLEO PÚBLICO 2024**

DENOMINACIÓN	TURNO GENERAL	RESERVA DISCAPACIDAD	TOTAL PLAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	CORRESPONDENCIA RPT
ADMINISTRATIVO/A DE ESTADÍSTICA	1	0	1	ESC. ADM. GENERAL SUB. ADM.	C1	SX6.4/037
PROGRAMADOR/A E RESPONSABLE DE MANTENIMIENTO INFORMÁTICO Y OFIMÁTICO	1	0	1	ESC. ADM. ESPEC. SUB. TECN.	C1	SX0.7/045
TÉCNICO/A XURÍDICO/A DE URBANISMO, DIRECTOR/A DEL DEPARTAMENTO	1	0	1	ESC. ADM. GENERAL SUB. TÉCN.	A1	SX5.0/023
TÉCNICO/A DE CONTRATACIÓN	1	0	1	ESC. ADM. GENERAL SUB. TÉCN.	A1	SX1.1/005

POLICÍA LOCAL	1	0	1	ESC. ADM. ESPEC. SUB. SERV. ESP.	C1	AS2-/167
---------------	---	---	---	-------------------------------------	----	----------

PLAZAS FUNCIONARIOS (ACCESO POR PROMOCIÓN INTERNA (SISTEMA SELECTIVO CONCURSO-OPOSICIÓN))

DENOMINACIÓN	TURNO GENERAL	RESERVA DISCAPACIDAD	TOTAL PLAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	CORRESPONDENCIA RPT
INSPECTOR/A DE LA POLICÍA LOCAL	1	0	1	ESC. ADM. ESP. SUB. SERV. ESP.	A2	AS2-/155

PLAZAS LABORALES

ACCESO LIBRE (SISTEMA SELECTIVO OPOSICIÓN)

DENOMINACIÓN	TURNO GENERAL	RESERVA DISCAPACIDAD	TOTAL PLAZAS	CLASIFICACIÓN	GRUPO	CORRESPONDENCIA RPT
OPERARIO/A CON DESTINO CEMENTERIO	1	0	1	ESC. ADM. ESPEC. SUB. SERV. ESP.	GAP	OPO.1/138

Lo que se hace público para general conocimiento, de acuerdo con lo dispuesto en el art. 70.2 del Texto Refundido del Estatuto Básico del Empleado/a Público.

Viveiro, 11 de diciembre de 2024.- La Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 4082

Anuncio

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 16 de decembro de 2022 Núm. 286, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 12 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 24 de xaneiro de 2023, Núm. 20, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de "OFICIAL/A PRIMEIRO/A PINTOR/A".

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 - Taxa adicional de estabilización de emprego

temporal (Disposición Adicional 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de “OFICIAL/A PRIMEIRO/A PINTOR/A” persoal laboral fixo.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do martes, 29 de outubro de 2024 Núm. 250, publícase a Resolución de Alcaldía aceptando a proposta do tribunal , que di:“(…) **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- *Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base a Acta das reunións do 28 de novembro de 2023 e do 11 de xullo de 2024, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.*

SEGUNDO.- *Aceptar a proposta do Tribunal a favor de D. EUGENIO ALVO GONZÁLEZ, como aspirante seleccionado, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR” (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, como persoal laboral fixo.*

Vista a base xeral 16 e 17, que sinala “(...) **16. RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO SELECTIVO.**

16.1 Órgano competente.

A Alcadesa-Presidenta do Concello de Viveiro, mediante Resolución de Alcaldía para resolver definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas seleccionadas, en virtude da proposta do Tribunal, e así mesmo, acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria presentando a documentación referida no punto 15.1 das bases xerais, procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

16.2. Publicación.

A Resolución de Alcaldía de nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo das persoas seleccionadas, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, taboleiro de edictos e páxina web.

16.3. Remate do proceso selectivo.

A resolución destes procesos selectivos finalizarán antes do 31 de decembro de 2024.

17. TOMA DE POSESIÓN/CONTRATACIÓN.

17.1. Prazo.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na Resolución de Alcaldía de nomeamento para cubrir as prazas convocadas, efectuarese no prazo de tres (3) días hábiles dende a publicación no BOP de dita Resolución, se non implica cambio de residencia, ou un (1) mes se comporta cambio de residencia.

17.2. Falta de toma de posesión.

De non presentarse á toma de posesión neste prazo o aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso.

17.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1. c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da Constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizos das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato...”

Visto que en data 9 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por D. Eugenio Albo González, como aspirante seleccionado para ocupar en propiedade unha praza vacante de “OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR”.

Visto que en data 9 de novembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación da renuncia presentada por D. Jose Luis Montero Carrodegas, como seguinte aspirante na lista para ocupar en propiedade unha praza vacante de “OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR”.

Visto que en data 11 de decembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación das renuncias presentadas por D. Jose Luís Pérez Vazquez, como seguinte aspirante na lista para ocupar en propiedade unha praza vacante de “OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR”.

Visto que en data 13 de decembro de 2024 saíu publicada no BOP de Lugo resolución de aceptación das renuncias presentadas por D. Oscar Liz Orosa, D. Emilio Doce Fojon e Dna. Nazarez Yañez Martínez, como seguintes aspirantes na lista para ocupar en propiedade unha praza vacante de “OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR”.

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria e informe de fiscalización previa.

Tendo en conta que o aspirante seleccionado presentou a documentación en tempo e forma que se requeria no punto 15 das bases xerais.

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 24 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado,

RESOLVO

PRIMEIRO.-Nomear a D. Juan Mendoza Hernández, como persoal laboral fixo para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT “**OFICIAL/A PRIMEIRO PINTOR**” (OP0.1/125) na Escala Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais do Concello de Viveiro. O contrato a formalizar será como persoal indefinido a xornada completa, código 100. As retribucións a percibir serán as establecidas para o posto de traballo na RPT.

O prazo de formalización de contrato será de 3 días hábiles a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia, de conformidade co disposto na base xeral 17.1.

SEGUNDO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da provincia de Lugo (BOP), así como no taboleiro de edictos dixital do Concello.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á interesada, e dar traslado ao departamento de persoal para o seu coñecemento, ao departamento de nóminas, ao departamento de intervención e Tesourería.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 17 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García, Ante min, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 4096